

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP MESÓN DO VENTO

CURSO: 2º

MATERIA: Sociais

DEPARTAMENTO: MEDIO

DATA: MAIO 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Traballar en equipo e adoptar un comportamento de respecto e tolerancia ante as achegas alleas.	Participa en actividades individuais e de grupo adoptando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material.
Identificar os elementos principais da contorna partindo do máis próximo a través da observación e uso das TIC.	Elabora, recolle información e describe aspectos da súa contorna.
Recoñecer a importancia do aire e da auga na vida. Coñecer os principais fenómenos atmosféricos.	Explica, de forma sinxela, a importancia do uso responsable da auga e coñece os fenómenos atmosféricos.
Coñecer os elementos básicos que forman un ecosistema, identificando as actividades humanas que orixinan desequilibrios neles e espertando actitudes de defensa, respecto e recuperación deles.	Explica de maneira sinxela os elementos básicos que forman un ecosistema identificando as actividades humanas que orixinan desequilibrios neles e cita algunha medida de respecto e recuperación.
Identificar as diferenzas entre paisaxe natural e urbana, analizando en grupo as consecuencias que a intervención humana provoca na conservación da paisaxe natural e definindo algunhas medidas para a conservación desta.	Identifica os elementos da paisaxe natural e urbana. Diferencia as paisaxes de costa e de interior. Coñece e leva á practica accións positivas para a protección do medio natural.
Identificar algunhas rochas e minerais presentes na contorna e recoñecer algúns usos que as persoas fan deles.	Identifica algúns minerais e rochas da súa contorna e coñece algúns usos aos que se destinan.
Empregar correctamente as nocións topolóxicas básicas de posición e proximidade para orientarse na contorna máis próxima.	Elabora un esbozo do plano do barrio no que este situada a escola e deseñar posibles itinerarios de acceso desde a súa casa.
Coñecer organización social da súa contorna próxima e as súas formas de goberno e diferenciar entre unha localidade e un municipio.	Describe a organización social da contorna mais próxima e as súas formas de goberno e diferencia entre que é unha localidade e un municipio.
Identificar as funcións e servizos dos seus diversos organismos: bombeiros e bombeiras, policía...	Explica e valora as funcións que desempeñan algún dos servizos do Concello.
Manifestar satisfacción pola pertenza a un grupo e respectar as características das persoas coas que convivimos e que pertencen a diferentes grupos sociais.	Amosa unha actitude de aceptación e respecto ante as diferenzas individuais nos grupos aos que pertence e cos que convive, nos xogos e nas tarefas escolares.
Recoñecer algunha das manifestacións culturais e obras mais representativas da comarca e da comunidade, valorar a súa diversidade e contribuír á súa conservación.	Explica oralmente algunhas festas, costumes, folclore,..propias da escola, da cidade, da comunidade así como algunha obra que sexa moi representativa na contorna próxima.
Identificar as profesións que non lle son tan familiares, coñecer un pouco sobre elas e clasificalas segundo o servizo que prestan á comunidade e se se realizan en fábricas ou ao aire libre.	Diferencia entre traballos na natureza, traballos nas fábricas e traballos que prestan servizos.

Coñecer e respectar as normas básicas do coidado e seguridade viaria como peóns e peoas e como persoa usuaria de medios de transporte.	Explica as normas básicas viarias que ten como viaxeiro ou viaxeira e como peón ou peoa nos medios de transporte.
Comprender e distinguir os conceptos temporais: pasado, presente e futuro.	Utiliza os conceptos temporais: pasado, presente e futuro nas conversas da vida cotiá.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	Procedementos: Avaliación continua do seu traballo, vendo a súa progresión e detectando as súas carencias, ao longo dos dous primeiros trimestres. No terceiro trimestre a valoración está en función do traballo presentado pero sempre tendo en conta as circunstancias personais de cada alumno.
	Instrumentos: Traballos do alumno no día a día da clase, preguntas orais e controis espaciados no tempo.
<b>Cualificación final</b>	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: A partir da cualificación obtida nas dúas primeiras avaliaci3ns xunto coa valoración do traballo realizado nas casas durante o 3ltimo trimestre.
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	
<b>Alumnado de materia pendente</b>	Criterios de avaliación:
	Criterios de cualificaci3n:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	Traballo no libro de texto do terceiro trimestre e en diversas fichas que poden descargar da páxina web e imprimir. Tamén traballo en caderniños recomendados.
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	Dada a escasa idade do alumnado, o contacto é coa súa familia a través do correo electrónico e, en casos puntuais, telefónico ou vídeo conferencia.
<b>Materiais e recursos</b>	Libro de texto. Diversas fichas que poden descargar da páxina web do centro. Actividades on-line que foron seleccionadas polo titor e ás que se pode acceder desde a páxina do centro.